

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*EXTRACTO da Orde do 11 de xaneiro de 2022 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2022, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento ED504B).*

BDNS (Identif.): 607773.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado de centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que estea cursando durante o curso 2021/22, no réxime xeral, 1º ou 2º de bacharelato.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases e convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar as actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en linguas estranxeiras do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia, durante o ano 2022.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 11 de xaneiro de 2022 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2022, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento ED504B).

Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 1.020.811,80 euros.

Nº de prazas: 525.



Importe individual: a contía da axuda para cada beneficiario ou beneficiaria será a resultante de aplicar a diferenza entre o custo total da estadia para a que resultase seleccionado ou seleccionada e a achega que lle corresponda segundo os custos correspondentes aos grupos de achega familiar (A, B, C e D) sinalados na táboa seguinte e de acordo co procedemento aplicado para a súa selección e asignación a un grupo de achega familiar:





	Modalidade	Duración	Réxime de aloxamento	Nº de prazas	Reparto das prazas por grupos				Custo por praza (€)	Acheга das familias (€)			
					Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D		Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
2º Bach.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	80	32	24	16	8	2.950,00	375,00	670,00	1.180,00	1.475,00
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	90	36	27	18	9	2.244,55	285,00	510,00	898,00	1.122,00
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	15	6	4	3	2	2.244,55	285,00	510,00	898,00	1.122,00
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	2.000,13	254,00	454,00	800,00	1.000,00
1º Bach.	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	150	60	45	30	15	2.244,55	285,00	510,00	898,00	1.122,00
	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	135	54	40	27	14	2.950,00	375,00	670,00	1.180,00	1.475,00
	Inglés en Canadá-Integración	4 semanas	Familia	30	12	9	6	3	3.367,00	428,00	764,00	1.347,00	1.684,00
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou residencia	15	6	4	3	2	2.244,55	285,00	510,00	898,00	1.122,00
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2	1	1	1	2.000,13	254,00	454,00	800,00	1.000,00
Total prazas:				525	210	155	105	55					

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade  
P.D. (Orde do 9.2.2021)  
Manuel Vila López  
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,  
Educación e Universidade

